



INFORME SOBRE A AFECCIÓN AO PATRIMONIO CULTURAL

Expediente núm.: 2012/027 CPR

Proxecto: *Parque Eólico de Serra de Liñares*


Documentos: *"PE de Serra de Liñares. Estudo de Impacto Ambiental"*

"Simulación gráfica dende o Camiño Primitivo. PE de Serra de Liñares"

Promotor: *AV Serra de Liñares, S.L.U.*

Remite: *Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo*
Consellería de Economía e Industria

Concellos: *A Fonsagrada e Negueira de Muñiz*



ANTECEDENTES

1. O día 21 de xullo de 2011 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, co que se xuntaban en soporte CD-ROM os documentos: *"Parque eólico Serra de Liñares. Documento de inicio de avaliación ambiental"* e *"Parque eólico Serra de Liñares. Simulación gráfica de impacto visual"*.

O obxecto da consulta consiste nun proxecto de execución dun parque eólico nos concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz composto por 16 aeroxeradores cunha potencia total de 48 MW, altura de buxe 94 m e diámetro de rotor 112 m, unha subestación e un edificio de control. Localízase na zona eólica 2, dentro da ADE Serra de Liñares, promovida por AV Serra de Liñares, S.L.U.

2. O 7 de decembro de 2011 emítese informe do Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, requiríndose a realización dun estudo específico de impacto sobre o patrimonio cultural. O 18 de xaneiro de 2012 emítese informe do Servizo de Arqueoloxía da mesma Subdirección Xeral, no que se sinala a necesidade dunha avaliación do impacto sobre o citado patrimonio cultural, para o cal se realizará unha prospección arqueolóxica do ámbito afectado polo proxecto.

Ao afectar este a parroquias polas que discorre o Camiño de Santiago (Camiño Primitivo), o expediente tamén é informado polos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural que, no seu informe do 13 de febreiro de 2012, sinalan a necesidade de que se presente un estudo de visuais específico dende o Camiño e unha valoración sobre as infraestruturas asociadas, incorporando, de existir, outros parques eólicos en funcionamento e dentro do ámbito visual do Camiño.

3. O 21 de febreiro de 2012, en contestación á consulta de decisión de avaliación de impacto ambiental, e vistos os anteriores informes técnicos, o director xeral do Patrimonio Cultural conclúe a necesidade de requirir un estudo de impacto ambiental, xa que o proxecto podería causar impactos ambientais significativos.



4. Consecuentemente, o 21 de marzo de 2012 ten entrada no Rexistro Xeral un escrito da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria, co que se remite en soporte dixital, para o seu informe, o documento "*Parque eólico Serra de Liñares. Estudo de Impacto Ambiental*".
5. Con data do 26 de abril de 2012, o Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais emite informe favorable sobre o citado EIA, aceptándose as medidas correctoras propostas en relación cos seguintes elementos do patrimonio arquitectónico e etnográfico:

	DISTANCIA	IMPACTO
- Louseira de Valín de Grades. Cabreira. Monteseiro	500 m	sen impacto
- Chozo do arroio do Outeiro. Cabreira. Monteseiro	575 m	sen impacto
- Muíño do arroio do Outeiro. Cabreira. Monteseiro	525 m	sen impacto
- Camiño de Santiago. Cabreira. Monteseiro	0 m á gabiá	crítico-severo

Medidas correctoras propostas:

- Sinalización en cartografía de obra dos elementos e información aos responsables desta, co fin de evitar afeccións directas por descoñecemento.
 - Control e seguimento das obras.
6. Pola súa parte, o Servizo de Arqueoloxía, no seu informe do 2 de maio de 2012, establece as seguintes consideracións:

No ámbito do parque localízanse as seguintes entidades arqueolóxicas afectadas pola infraestrutura eólica:

- **GA27018215 (túmulo) Medorra 2 de Casacabreira.** A 110 m ao S discorrerá a gabiá de cableado pola estrada LU-701. Impacto moderado.
- **GA27018266 (túmulo) Medorra 5 de Casacabreira.** A 100 m ao S discorrerá a gabiá de cableado pola estrada LU-701. Impacto moderado.
- **GA27018214 (túmulo) Medorra 1 de Casacabreira.** A 17 m ao N discorrerá a gabiá de cableado, pola marxe oposta da estrada LU-701 na que se sitúa o ben. Impacto crítico-severo.
- **GA27018213 (túmulo) Medorra de A Regoa.** A 100 m ao W discorrerá a gabiá de cableado, pola marxe oposta da estrada LU-701 na que se sitúa o ben. Impacto moderado.
- **GA27018264 (túmulo) Medorra 2 de A Regoa.** A 100 m ao W discorrerá a gabiá de cableado pola estrada LU-701. Impacto moderado.
- **GA27018160 (túmulo) Medorra 1 de O Acevo.** A 35 m ao W discorrerá a gabiá de cableado, pola marxe oposta da estrada LU-701 na que se sitúa o ben. Impacto severo-moderado.
- **GA27018211 (túmulo) Medorra 2 de O Acevo.** A 100 m ao NE discorrerá a gabiá de cableado, pola marxe oposta da estrada LU-701 na que se sitúa o ben. Impacto moderado.



- **GA27018212 (túmulo) Medorra 3 de O Acevo.** A 100 m ao NE discorrerá a gabia de cableado, pola marxe oposta da estrada LU-701 na que se sitúa o ben. Impacto moderado.
- **GA-001 (túmulo) Coto da Lagoa.** A 70 m ao W discorrerá o acceso de nova creación ao aeroxerador núm. 11 e seguintes. Entre este acceso e o túmulo (a uns 20 m ao oeste do mesmo) existe actualmente un camiño de terra que serviría en certo sentido como barreira física con respecto ás obras previstas. Impacto moderado.
- **REF-001 (posible túmulo) Chan do Arco.** A uns 20 m ao S-SE discorre a gabia de cableado, e farase a rectificación de curva pertencente á pista asfaltada que leva á aldea de O Vieiro. Impacto crítico-severo.
- **REF-002 (posible túmulo) Pico do Seixo.** A uns 20 m ao W discorre a gabia de cableado en paralelo á LU-P-1908; a uns 30 m ao S apertura dun novo vial de acceso que enlazará a antedita LU-P-1908 co cortalumes que servirá para acceder ao aeroxerador núm. 6; o aeroxerador núm. 6 localízase a uns 50 m ao S. Impacto crítico-severo.

De xeito xeral, establécense como medidas correctoras:

- Control e seguimento arqueolóxico das obras de construción do parque.
- Inclusión de elementos arqueolóxicos e os seus ámbitos de protección legal na planimetría da obra.
- Sinalización e balizamento dos bens.

O informe conclúe que existen bens arqueolóxicos localizados na poligonal do parque que se verán afectados polas obras se non se adoptan medidas protectoras e/ou correctoras:

Os vieiros de nova traza e as gabias de condución eléctrica deberán desprazarse fóra dos ámbitos de protección dos xacementos arqueolóxicos ou ben executarse polos vieiros existentes de acceso que se acondicionarán.

Tamén se sinala que é necesario un **control e seguimento arqueolóxico** durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos en todo o ámbito do parque eólico. Con ese fin, antes do inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

- O proxecto deberá recoller as medidas correctoras incluídas no EIA.
- Como Anexo ao proxecto arqueolóxico, deberase recoller na cartografía empregada polo persoal da obra durante o transcurso desta, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de cautela (obxecto do control e seguimento). O dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

En relación cos posibles xacementos arqueolóxicos **REF-001 (posible túmulo) Chan do Arco** e **REF-002 (posible túmulo) Pico do Seixo**, indícase que é necesario a realización de traballos arqueolóxicos complementarios de cara a unha correcta caracterización arqueolóxica destes. Baseándose nos resultados das actuacións arqueolóxicas, esta Dirección Xeral, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.



7. Posteriormente, o 8 e o 12 de xuño de 2012, os servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural emiten os seus informes. Á vista destes e dos anteriormente citados, o Comité Asesor do Camiño de Santiago, na súa xuntanza do 26 de xuño de 2012, acorda informar favorablemente o EIA do PE de Serra de Liñares, coas seguintes condicións:
 - Eliminación ou desprazamento cara ao sur do primeiro grupo de aeroxeradores (núm. 11 a 16), por acompañar de xeito excesivamente continuado e prolongado a visión dende o Camiño.
 - Eliminación do terceiro grupo de aeroxeradores (núm. 1 a 3), por afectar a un sistema montañoso morfoloxicamente relevante para a paisaxe que envolve o Camiño.
8. Finalmente, o 6 de setembro de 2012, recíbese nesta Dirección Xeral unha copia do documento: "*Simulación gráfica dende o Camiño Primitivo. Parque Eólico de Serra de Liñares*, co que se completa o EIA e se achega unha visión máis prolixa e detallada do grao de afección da futura instalación ao Camiño de Santiago.
9. Tendo en conta este último documento, ademais do EIA, anteriores informes e acordo do Comité Asesor do Camiño de Santiago do 26 de xuño de 2012, os servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, emiten, o 10 de setembro de 2012, informes coas seguintes consideracións:
 - 9.1. Respecto á proposta do Comité sobre a eliminación ou desprazamento cara ao sur do primeiro grupo de aeroxeradores –11 a 16–, por acompañar de xeito excesivamente continuado e prolongado a visión dende o Camiño, sinaláse o seguinte:
 - En Asturias, o parque eólico, disposto en forma de C, é atravesado polo Camiño Primitivo; e cara ao sur teríamos, en primeiro termo, os montes asturianos, e tras estes, unha segunda liña de montes perpendicular aos aeroxeradores 11 a 16, moito menos numerosa, apenas visible e nun segundo plano.
 - Xa en Galicia, unha vez que o parque eólico atravesa os montes e unha zona boscosa, teríamos a visión máis próxima do primeiro grupo de aeroxeradores proposta e contraria á dirección do Camiño mirando cara atrás.
 - O desprazamento cara ao sur dos aeroxeradores 11 a 16 suporía a eliminación do máis próximo á traza do Camiño Primitivo –o núm. 11–, que dista desta uns 1380 m d e que se sitúa na dirección contraria tralo avance do Camiño, o que non suporía unha presenza abafante.
 - 9.2. Outra consideración merecen os aeroxeradores 1 a 3 que se ubicarían sobre o denominado Monte Picois. O Comité Asesor do Camiño de Santiago ten asentado o criterio de valorar a fisonomía paisaxística e a morfoloxía deste elemento orográfico como significativo da imaxe ambiental que se aprecia dende o Camiño. Tense subliñado por vocais deste comité mesmo o valor inmaterial deste elemento traducido na súa toponimia. É por iso que este informe técnico reafirma o criterio de que debe estudarse a reubicación destes aeroxeradores, de xeito que non se deturpe a silueta da paisaxe nesta área, evitándose que tal instalación neste monte altere as escalas e a lectura do territorio propia dos valores da peregrinación.



9.3. Así mesmo, os servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, propoñen as seguintes recomendacións:

- Para atenuar o efecto visual do trazado dos viais procederase ao tapado das superficies finais con zahorra de cor escura, procedendo na medida do posible á súa revexetación.
- Accederase ás instalacións, na medida do posible, por camiños existentes.

10. O Comité Asesor do Camiño de Santiago, na súa xuntanza do 11 de setembro de 2012, reunido en sesión ordinaria, concluíu o seguinte:

10.1. Este comité xa propuxera que se estudase a reubicación ou eliminación da primeira liña de aeroxeradores da marxe oriental, dado que poderían supor unha afección sinérxica por sumarse ao parque xa instalado en Asturias, cunha importante presenza dende Galicia. Visto o estudo de visuais presentado, pódese afirmar que a primeira liña de aeroxeradores contigua ao parque do Acebo ubicado en Asturias non supón un impacto visual acumulativo apreciable.

As numerosas perspectivas plasmadas no estudo permiten comprobar de xeito prolixo que non é atribuíble ao parque proposto a presenza prolongada no horizonte de aeroxeradores, senón que os máis numerosos e visibles son os do parque asturiano. O parque proposto nesa liña de aeroxeradores está a unha distancia condiserable, existindo lombas no relevo interpostas distanciándose apreciablemente do Camiño cara ao sur. Debe terse presente que o aeroxerador máis próximo (o núm. 11) dista uns 1380 m da traza do Camiño, sitúase na dirección contraria segundo se avanza por ela e non supón unha presenza abafante que aconselle o seu traslado.

10.2. En relación aos aeroxeradores 1 a 3, sobre o Monte Picois, o Comité Asesor do Camiño de Santiago reafirmase na súa consideración de que afectan a un sistema montañoso morfoloxicamente relevante para a paisaxe que envolve ao Camiño, por tratarse dunha orografía visualmente característica, tal como revela o patrimonio inmaterial expresado na toponimia. Estes aeroxeradores supoñen unha afección directa fisicamente e alteran as escalas para unha axeitada lectura da paisaxe.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- A. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
 - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
 - Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.



- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, modificado polo Decreto 225/2010, do 30 de decembro.
 - Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
 - As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
- B. Segundo o artigo 1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, han de preservarse e ordenarse todos os elementos que configuran a paisaxe de Galicia no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos. É por iso que esta lei impulsa a plena integración da paisaxe en todas as políticas sectoriais que incidan nela. De acordo ao artigo 5 da citada lei, os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe; os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.
- C. Cómpre ter presente o sinalado polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, que na súa memoria "Patrimonio natural, cultural e paisaxístico" sinala, no punto 3.3.1, como un criterio básico para intervenir no territorio de forma coherente coa protección e mellora da paisaxe o seguinte:
- Impedir a construción sobre elementos dominantes ou nas cristas de montañas, bordos de acantilados e zonas culminantes do terreo agás nos casos de infraestruturas de utilidade pública que deban necesariamente ocupar as devanditas localizacións sen alternativas posibles. O seu carácter de prominencias topográficas, normalmente cunha morfoloxía singular que resalta a súa presenza, outórgalles un dobre interese como elementos que conforman o horizonte visual desde as zonas de cotas máis baixas e como áreas con alto potencial de vistas nas que se obteñen panorámicas únicas e que é especialmente notable no caso dos numerosos cabos e promontorios que caracterizan a paisaxe das nosas costas. Resulta necesario preservar a integridade visual destes elementos, evitando todo tipo de alteración dos seus trazos morfolóxicos e topográficos e impedindo construcións neles que alteren o seu perfil ou dificulten a súa visualización, ou accións que minoren a súa calidade paisaxística.



Sobre os Camiños de Santiago, no punto 3.4.4 da citada memoria, sinálase que:

- É importante actuar nos diferentes itinerarios do Camiño que percorren toda Galicia eliminando degradacións, sinalizándoos axeitadamente e adecuándoos dende o punto de vista funcional, paisaxístico e ambiental e de servizos para que actúen como eixos estruturantes das rutas turísticas no ámbito da Comunidade Autónoma, proporcionando un soporte con enorme potencial para activar o patrimonio de cidades e zonas rurais e integralo en produtos turísticos recoñecibles e comercializables.

D. Tamén se terá en conta o establecido nas "Determinacións" das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, relativas ás infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético:

- Determinación orientativa 4.7.9: Nas novas instalacións de produción de enerxía primará a integración ambiental e paisaxística, polo que para a xustificación da idoneidade da localización se deberán valorar as diversas alternativas, outorgando prioridade aos solos xa transformados, e descartando, en calquera caso, as que deriven nunha maior incidencia, sen prexuízo das medidas correctoras correspondentes.

Así mesmo, sobre o patrimonio cultural, cómpre sinalar a:

- Determinación excluínte 9.3: Calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación

E. O proxecto do PE de Serra de Liñares afecta á traza do Camiño, no ámbito territorial de delimitación e deslindamento do Camiño Primitivo, Ruta de Peregrinación do Interior, sometida a información pública polo Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Turismo do 12 de novembro de 1997 (DOG núm. 230, do 27 de novembro de 1997; e núm. 26, do 9 de febreiro de 1998).

F. Segundo o artigo 32 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, a Consellería de Cultura deberá ser informada dos plans, programas e proxectos, tanto públicos coma privados, que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioración do patrimonio cultural de Galicia; para o cal, a citada consellería deberá establecer aquelas medidas protectoras e correctoras que considere necesarias para a protección do patrimonio cultural de Galicia. Tal función protectora do patrimonio cultural exerceuse, no suposto que nos ocupa, a través da emisión do presente informe, que ten por obxecto determinar se a actuación solicitada responde ás características tradicionais do contorno e se esta respecta os valores do Camiño. Nese senso, o artigo 3 do Decreto 46/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento do Comité Asesor do Camiño de Santiago, establece que, cando non se trate dun suposto que requira ditame preceptivo por parte do Comité, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural poderá someter á consideración deste calquera asunto relacionado co Camiño de Santiago respecto do cal a consellería con competencias en materia de patrimonio cultural deba emitir informe.



De acordo con todo o indicado, no exercicio da competencia que me atribúe o artigo 10.1 do Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á vista do que informaron os servizos técnicos da Dirección Xeral e, de acordo co Comité Asesor do Camiño de Santiago, **INFORMO**:

Favorablemente o “Estudo de Impacto Ambiental” do Parque Eólico de Serra de Liñares e o documento complementario: “Simulación gráfica dende o Camiño Primitivo”, tendo en conta o disposto no punto 10.2 deste informe, de xeito que debe estudarse a reubicación dos aeroxeradores 1 a 3. Así mesmo, teranse en conta os condicionamentos derivados dos puntos 6 e 9.3.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2012

O director xeral do Patrimonio Cultural



José Manuel Rey Pichel